

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 8 de febreiro 2008**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se vai celebrar o vindeiro venres, día 8 de febreiro de 2008, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación das actas seguintes: ordinaria nº 15/07, do 21 de decembro e extraordinaria nº 1/08, do 11 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.951 de 2007 á nº 570 de 2008.

3.-Dar conta da resolución da Presidencia nº 1/2008, sobre delegacións especiais en deputados provinciais.

Cooperación e Asistencia a Concellos

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación de camiños en Campo” do Concello de Trazo, incluída no POS 2007. Código: 07.2100.0383.0

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

5.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso de parte do Fogar Infantil de Ferrol ao Concello de Ferrol.

6.-Aprobación da solicitude de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) período 2007-2013, convocatoria 2007 que afecta ao período 2007-2010, para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano.

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

7.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2008.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 8 DE FEBREIRO DE 2008

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 8 de febreiro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión ordinaria .

CONCURRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA

PSOE

ASISTEN LOS SRES. DIPUTADOS SIGUIENTES:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

DON JESÚS VEIGA SABÍN
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

PP
PSOE
BNG

Non asiste a Sra. Vázquez Mejuto e o Sr. García García.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario xeral procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS SEGUENTES: ORDINARIA Nº 15/07, DO 21 DE DECEMBRO E EXTRAORDINARIA Nº 1/08, DO 11 DE XANEIRO.

Apróbanse as actas seguintes: ordinaria nº 15/07, do 21 de decembro e extraordinaria nº 1/08, do 11 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 21.951 DE 2007 Á Nº 570 DE 2008.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.951 de 2007 á nº 570 de 2008.

3.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 1/2008, SOBRE DELEGACIÓNES ESPECIAIS EN DEPUTADOS PROVINCIAIS.

Dáse conta ao Pleno da resolución da Presidencia nº 1/2008, pola que se confiren delegacións especiais a prol de deputados provinciais.

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMPO” DO CONCELLO DE TRAZO, INCLUÍDA NO POS 2007. CÓDIGO: 07.2100.0383.0

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación de camiños en Campo” (código:07.2100.0383.0) do Concello de Trazo, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 54.814,59 €, que non representa variación no seu orzamento total, pero introduce cambios substanciais xa que substitúe un camiño por outros dous que están na mesma zona.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
07.2100.0383.0	Trazo	Pavimentación de camiños en Campo	22.391,76	21.871,02	7.811,08	2.740,73	54.814,59

5.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DE PARTE DO FOGAR INFANTIL DE FERROL AO CONCELLO DE FERROL.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade cos acordos adoptados polo Pleno da Corporación, en sesións celebradas o 28 de setembro de 2007 e 30 de novembro de 2007:

1º.-Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso de parte do inmovible Fogar Infantil de Ferrol, valorado en 1.553.280,00 euros, composto polos seguintes elementos:

Planta semisoto	146,94
Planta baixa	282,20
Planta primeira	347,50
Superficie do chan	510,40
(272,30 m ² da edificación e 238,10 m ² do espazo exterior axardinado)”. ”.	

2º.- A cesión de uso do inmovible suxéitase ás seguintes condicións:

1.- A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva de que o Concello de Ferrol destine o edificio cedido a Sede Central de Prestación de Servizos Sociais.

2.- O Concello de Ferrol poderá utilizar calquera das formas de xestión previstas no ordenamento xurídico.

3.- A Sede Central de Prestación de Servizos Sociais deberá estar en funcionamento dentro do prazo máximo de 2 anos contado a partir da entrega do inmovible por parte da Deputación Provincial da Coruña.

Transcorrido o devandito prazo, sen que entre en funcionamento a Sede Central de Prestación de Servizos Sociais, o inmovible reverterá automaticamente á Deputación.

4.- A cesión de uso efectuarase por un prazo máximo de 30 anos, contado a partir do prazo de entrega por parte da Deputación. Non obstante se a Deputación precisase do inmovible antes do devandito prazo, o Concello de Ferrol deberá entregarlle á Deputación o inmovible, dentro do prazo máximo de 12 meses, contado a partir da solicitude por parte da Deputación.

5.- No caso de que por calquera causa o inmovible deixase de destinarse a Sede Central

de Prestación de Servizos Sociais, con independencia do prazo transcorrido a partir da cesión, o inmovible reverterá automaticamente á Deputación.

6.- O Concello de Ferrol asume dende a data de entrega todos os gastos de conservación e mantemento do edificio e as súas instalacións.

7.- O pagamento de todos os tributos que afectan ao citado inmovible ou á súa actividade será por conta do Concello de Ferrol.

8.- O Concello de Ferrol deberá establecer o control adecuado e con garantías, dos accesos e usos, a fin de non interferir ou prexudicar a actividade do Fogar Infantil da Deputación, que se presta no edificio.

9.- Non se permitirá o acceso dos vehículos ao garaxe da planta semisoto a través dos xardíns do Fogar Infantil polo risco de accidente que podería acontecer, dado que os nenos do Fogar Infantil utilizan estes espazos. O acceso aos locais de persoas discapacitadas realizarase pola entrada, actualmente en uso, do Centro.

10.- As subministracións de auga, electricidade e gas natural deberán independizarse dos que actualmente ten o Centro, sendo todos os gastos de investimento, consumo e mantemento a conta do Concello de Ferrol.

11.- Calquera obra, agás as de conservación e mantemento deberá ser autorizada previamente e de forma expresa pola Deputación.

12.- A Deputación poderá utilizar o Salón de Actos previa notificación ao Concello de Ferrol cunha antelación de 72 horas.

13.- A propiedade do inmovible seguirá sendo en todo momento da Deputación Provincial da Coruña, sen que en ningún caso a presente cesión de uso sexa habilitadora da adquisición do propiedade a favor do Concello de Ferrol.

14.- A Deputación entregará o edificio unha vez aprobada definitivamente a cesión de uso. Para estes efectos ambas partes formalizarán a correspondente acta de entrega.

3º.- Facultar ao presidente para a execución do presente acordo.”

6.-APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PERÍODO 2007-2013, CONVOCATORIA 2007 QUE AFECTA AO PERÍODO 2007-2010, PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO.

INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Bos días, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, neste punto intervén o Sr. García Borregón.

Sr. García Borregón

Bos días, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. Este punto, os tres proxectos que se presentan a esta convocatoria FEDER, período 2007-2013, ao noso grupo parécennos acertados en canto á temática, en canto á selección de obxectivos, e encádranse na liña de actuación de rexeneración urbana e rural para pequenos e medianos municipios, refírome aos tres proxectos que todos coñecemos, aforro e calidade enerxética, posta en valor de concas fluviais na bacía do río Mandeo e a seguridade viaria para peóns.

En segundo lugar quixera deixar constancia do recoñecemento tamén do noso grupo aos equipos redactores das propostas, dos proxectos, tanto polo seu contido e a súa calidade.

En terceiro lugar queríamos facer unha suxestión en canto ao tema da prioridade. En Comisión comentóusenos algún dos criterios elixidos en canto á orde de prioridade dos proxectos, e nós queremos facer unha suxestión en canto a esta elección, que nós a baseamos en que a prioridade debe de estar fundamentada en dous eixes, un na cuestión da territorialidade, primar a cobertura do proxecto no conxunto do territorio, cantos máis concellos afecte mellor, e canto maior número de cidadáns tamén afecten estes proxectos, eu creo que é un punto a ter en conta á prioridade.

A segunda, a mellora da protección do cidadán por riba de calquera outra protección, os tres proxectos son viables, hai dous fundamentalmente baseados na protección ambiental, tanto desde o punto de vista do aforro e a valoración enerxética, como no dimensionamento, abastecemento e rexeneración de concas fluviais, pero neste caso cremos que debe primar a protección do cidadán.

En canto á prioridade que se fixa o proxecto que se denomina sendas, que aparece como prioridade número dous, segundo este criterio e esta suxestión que nós achegamos, pasaría a ter unha prioridade un. O mesmo proxecto dí, en cuestión á accidentabilidade peonil por criterio na provincia, cuns índices altos, falaba no período 93-2007 de 148 accidentes, con 34 mortos e 87 feridos graves, eu creo que iso facía referencia ao propio proxecto e paréceme un punto crucial, e esa é a razón de dar a nosa opinión sobre o cambio desta prioridade.

O cuarto punto quérome referir á cuestión orzamentaria, ou resaltar o ambicioso das nosas solicitudes en canto á avaliación orzamentaria, tendo en conta que, segundo

se nos informou, a aceptación destes proxectos non pode ser parcial, senón a totalidade, cada un dos tres proxectos, que ten un orzamento duns, roldando, porque practicamente son orzamentos similares, de 20 millóns de pesetas cada un dos proxectos nos tres anos, 2008-2010, e isto representa un 25% do investimento total asignado a Galicia dos proxectos FEDER, que é de 80 millóns de investimento total. A min paréceme que, en fin, nesas cousas é ambicioso e queriamos resaltar iso, e tamén certo optimismo porque na prensa aparecía que, anticipadamente eu creo, que a Deputación provincial ía investir 60 millóns de orzamento, como se os tres proxectos fosen aceptados polo FEDER, e dalgún xeito iso suporía o 60 de 80 millóns, algo absolutamente, eu creo, que improbable. Oxalá que ese optimismo nós o compartísemos, no sentido de que se nos adxudicase a maioría das nosas propostas.

En canto ao outro punto é o tema de seguimento, aparecen nos proxectos diferente metodoloxía en canto aos seguimentos de control deses proxectos, en canto a diferentes comités. Nós queredamos, e esta é a nosa solicitude, Sr. Presidente, tamén participar, unha vez que se aproben ou se desenvolva algún dos proxectos, nalgún órgano de seguimento que se van establecer para o control deste proxecto.

E, para rematar, dar o noso apoio, como é lóxico, a esta solicitude, e nada máis.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. García Borregón, agradecerlle o voto favorable a estes proxectos que, desde logo, son ambiciosos, e eu son consciente de que hai 80 millóns para Galicia e pedimos 60, temos que participar en libre concorrência e competitividade. A prioridade non está fixada alegremente, é que o proxecto máis difícil de xestionar é o de medio natural, porque imos estar suxeitos a multitude de informes de multitude de organismos, e puxemos a prioridade da eficiencia enerxética, que é un problema grave que teñen os concellos do pago do custo da enerxía eléctrica que consomen, hai concellos que están sen funcionar depuradoras porque non teñen diñeiro para pagar o custo enerxético, non teñen capacidade de mantemento, e hai uns alumados, que eu creo que este é o país mellor alumado de Europa, Galicia, entón eu creo que é unha prioridade de todos os concellos. Indubidablemente, a maior prioridade é a protección da vida humana e van ser simultáneos, e ordenámoslos así tamén por unha razón, porque se non nos dan diñeiro, co superávit que imos ter, nós poderíamos tratar o problema da eficiencia enerxética e da seguridade viaria, non poderíamos tratar o tema do medio natural, porque son proxectos caros, moi complexos para xestionar, esa é a razón da prioridade, intentamos que nos dean, intentaremos que nos dean subvención para todos os proxectos, e xestionalos conxuntamente, e trataremos de que a eficiencia enerxética e sendas peonís, todos os concellos de menos de 20.000 habitantes, porque este é un plan para menos de 20.000 habitantes, sexan beneficiarios disto.

E con respecto ao seguimento, eu non teño ningún inconveniente, participaron vostedes na elaboración do Plan estratéxico, non hai inconveniente en que participen

nas comisións de seguimento que imaxino que se irán definindo a medida que teñamos o financiamento e a elaboración de proxectos, porque non hai proxectos elaborados aínda, temos que elaborar proxectos, esta é unha proposta que mandamos para conseguir financiamento. E adhirome tamén á felicitación que vostede fixo aos equipos da Deputación e ao equipo da Universidade que traballou, porque creo que fixeron un magnífico traballo.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as Bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, aprobadas mediante resolución do 7 de novembro de 2007 do secretario de estado de Cooperación Territorial, que foron modificadas por resolución do mesmo secretario de estado do 11 de decembro de 2007 no relativo á ampliación do prazo de presentación de solicitudes ata o 15 de febreiro de 2008 inclusive

Vistas as memorias descritivas dos tres proxectos estratéxicos que a continuación se indican

1.- Solicitar axuda polo importe que máis abaixo se detalla, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), período 2007-2013, convocatoria 2007 que afecta ao período 2007-2010, prevista no correspondente Programa operativo rexional de Galicia, dirixido á categoría de gasto “Proxectos integrais de rexeneración urbana e rural” do eixe 5: Desenvolvemento local e urbano, para os tres proxectos estratéxicos que a continuación se relacionan por orde de prioridade, de acordo co financiamento que se especifica:

Promoción da eficiencia, aforro e a calidade enerxética en servizos públicos municipais	PEACE
Plan integral de seguridade viaria para os peóns en estradas provinciais	SENDAS
Posta en valor das bacías fluviais 1-fase: Río Mandeo	MANDEO

		2008	2009	2010	TOTAL
PEACE	70% FEDER	4.716.940,21	4.922.419,20	4.509.290,77	14.148.650,18
	30% Diputación	2.021.545,81	2.109.608,23	1.932.553,19	6.063.707,23
	TOTAL	6.738.486,02	7.032.027,43	6.441.843,96	20.212.357,41
SENDAS	70% FEDER	4.660.223,97	4.479.630,02	4.860.145,80	13.999.999,79
	30% Diputación	1.997.238,85	1.919.841,44	2.082.919,63	5.999.999,92
	TOTAL	6.657.462,82	6.399.471,46	6.943.065,43	19.999.999,71
MANDEO	70% FEDER	4.206.484,80	5.221.890,80	4.545.332,40	13.973.708,00
	30% Diputación	1.802.779,20	2.237.953,20	1.947.999,60	5.988.732,00
	TOTAL	6.009.264,00	7.459.844,00	6.493.332,00	19.962.440,00
TOTAL	70% FEDER	13.583.648,98	14.623.940,02	13.914.768,97	42.122.357,97
	30% Diputación	5.821.563,86	6.267.402,87	5.963.472,42	18.052.439,15
	TOTAL	19.405.212,84	20.891.342,89	19.878.241,39	60.174.797,12

2.- Aprobar as memorias descritivas dos proxectos antes indicados, polos orzamentos especificados.

3.- Declarar que esta Deputación non solicitou nin ten concedidas axudas para esta mesma finalidade procedentes doutras Administracións públicas nin de entidades privadas.

4.- Declarar que no orzamento provincial para o exercicio 2008 existe unha consignación por importe de 20.000.000,00 €, na partida 0501/560C/60103 denominada Programas de desenvolvemento local e urbano - FEDER, asociada a unha previsión de ingreso por importe de 14.000.000,00 € de achega FEDER que figura no concepto de ingreso 79104.

A Deputación comprométese a consignar nas anualidades 2009 e 2010 os créditos necesarios para financiar o importe da achega provincial nas devanditas anualidades para os proxectos que resulten seleccionados dentro desta convocatoria.

5.- Comprometerse ao cumprimento dos requisitos ambientais previos á execución do proxecto, especialmente no referido a avaliacións ambientais e afectación de zonas Rede Natura 2000.

6.- Facultar ao presidente desta Deputación e á Xunta de Goberno Local para que, en uso das súas facultades propias ou delegadas, realicen cantas actuacións sexan necesarias para comezar a execución dos tres proxectos estratéxicos indicados, concretando aquelas actuacións, de entre as previstas nas memorias descritivas dos

proxectos, coas que poida iniciarse a súa execución, ata o límite de 6.000.000,00 € para os tres proxectos, por ser o importe da achega provincial dispoñible neste momento.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008.

INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputadas e Deputados, o Grupo Popular na Deputación vai dar a súa aprobación a este Plan de conservación de vías provinciais, ademais alégrase de que a estas alturas do ano se aprobe este plan, xa que tamén espera o Grupo Provincial Popular que a execución das obras e a contratación sexa tamén o máis pronto posible para que non se dean casos de obras que chegamos a fin de ano e aínda están sen realizar, sen executar e moitas veces cunhas deficiencias graves. Xa digo, aplaudimos a época do ano onde se aproba o Plan e esperamos que a execución e a contratación sexan tamén inmediatas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gacio, e creo que todos os deputados e deputadas comparten a súa inquietude, porque moitas veces, unha conservación que tería que facerse antes do verán, chegamos a outubro e algún grupo non está comezado aínda, e isto quizá se deba ao sistema de adxudicación, porque no afán de ser transparentes, de ser puros, de ser todo o que hai que ser en termos positivos, sempre imos a poxa e nunca imos a concurso, e hai empresas pequenas que por poxa lle corresponden conservación de varios grupos, e non teñen capacidade para abordalos todos conxuntamente, entón quero que saiban que dei instrucións ao Servizo de Vías e Obras para que aquelas persoas, aquelas empresas que durante un ano e dous anos demoraron a execución das obras de conservación, que se fale con eles para tratar de evitar este problema, e se non, que se inhabilite, porque desde logo a Deputación non ten por que soportar que en novembro estea sen facer a conservación dun grupo cando foi adxudicado en abril.

Xa que logo, esa inquietude que vostede expresa, creo que é compartida por todos os que estamos aquí e estamos traballando para que se solucione, o que pasa é que inhabilitar a unha empresa tamén ten uns trámites administrativos longamente grandes no tempo, pero compartimos esa inquietude, grazas polo seu voto favorable.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2008, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neste, cun orzamento total de 5.699.171,18.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/21001 e que se detalla.

DENOMINACION	CODIGO	PRAZO EXECUCION ORZAMENTO
GRUPO 1A: ORTIGUEIRA	0811000001.0 5 MESES	136411,67
GRUPO 1B: CARIÑO	0811000002.0 5 MESES	77637,51
GRUPO 2: MAÑÓN E AS PONTES	0811000003.0 5 MESES	139112,59
GRUPO 3: CEDEIRA CERDIDO E VALDOVIÑO	0811000004.0 5 MESES	125617,50
GRUPO 4: FERROL E NARON	0811000005.0 5 MESES	289199,55
GRUPO 5: MOECHE SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	0811000006.0 5 MESES	132953,16
GRUPO 6: ARES FENE MUGARDOS E NEDA	0811000007.0 5 MESES	187298,52
GRUPO 7: CABAÑAS MIÑO E PONTEDEUME	0811000008.0 5 MESES	110874,19
GRUPO 8: IRIXOA MONFERO PADERNE E VILARMAIOR	0811000009.0 5 MESES	225770,64
GRUPO 9: OLEIROS E SADA	0811000010.0 5 MESES	326452,83
GRUPO 10: CAMBRE E CARRAL	0811000011.0 5 MESES	241570,00
GRUPO 11: ABEGONDO BERGONDO E BETANZOS	0811000012.0 5 MESES	230505,41
GRUPO 12: ARANGA CESURAS COIROS E CURTIS	0811000013.0 5 MESES	121475,20
GRUPO 13: BOIMORTO FRADES MESIA ORDES OROSO E VILASANTAR	0811000014.0 5 MESES	183341,97
GRUPO 14: MELIDE SANTISO SOBRADO E TOQUES	0811000015.0 5 MESES	197397,20
GRUPO 15: ARZUA BOQUEIXON O PINO TOURO	0811000016.0 5 MESES	124236,00
GRUPO 16: ARTEIXO A CORUÑA E CULLEREDO	0811000017.0 5 MESES	370567,42
GRUPO 17: CARBALLO CERCEDA E A LARACHA	0811000018.0 5 MESES	285262,11
GRUPO 18: CABANA CORISTANCO MALPICA PONTECESO E ZAS	0811000019.0 5 MESES	429632,49
GRUPO 19: CAMARIÑAS LAXE E VIMIANZO	0811000020.0 5 MESES	115541,94
GRUPO 20: CARNOTA CEE CORCUBION DUMBRIA E MAZARICOS	0811000021.0 5 MESES	69711,05
GRUPO 21: AMES A BAÑA NEGREIRA E VAL DO DUBRA	0811000022.0 5 MESES	185921,52
GRUPO 22: ORDES SANTIAGO TORDOIA TRAZO E VAL DO DUBRA	0811000023.0 5 MESES	218761,98
GRUPO 23: MAZARICOS MUROS E OUTES	0811000024.0 5 MESES	170419,83
GRUPO 24: BOIRO LOUSAME E NOIA	0811000025.0 5 MESES	211188,39
GRUPO 25: BRION DODRO PADRON E ROIS	0811000026.0 5 MESES	145760,19
GRUPO 26: AMES SANTIAGO TEO E VEDRA	0811000027.0 5 MESES	218638,81
GRUPO 27: BOIRO E RIANXO	0811000028.0 5 MESES	75684,90
GRUPO 28: A POBRA PORTO DO SON E RIBEIRA	0811000029.0 5 MESES	144863,55
GRUPO 35: EP 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	0811000030.0 5 MESES	75681,73
GRUPO 36: EP 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	0811000031.0 5 MESES	131681,33
	TOTAL	5699171,18

2)Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producen, consideraranse definitivamente aprobados.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

O Grupo Provincial Popular ten dous rogos, un do que vai falar Pilar Farjas, e outro José Manuel Rey.

Sra. Farjas Abadía

Bos días, moitas grazas. Traio un rogo en relación ao proxecto de elaboración como se está traballando internamente no Plan de vías provinciais e de travesías, que nos trasladaron os residentes na zona da Zapateira, en relación á estrada, a EP 3006 no contorno de Valaire a O Carón, coa petición de que se trate tanto a iluminación como a colocación de beirarrúas.

Sr. Rey Varela

Grazas, Sr. Presidente. Nos últimos días incrementouse a inquietude dos veciños do contorno dunha estrada provincial, concretamente a estrada provincial 5401, estrada provincial de San Xiao de Narón. Algúns deputados provinciais de diferentes grupos acudimos convocados por eles e ten unha particularidade esta vía, e é que hai unha serie de dificultades digamos de coordinación entre diferentes administracións públicas, concretamente entre o Concello, a Deputación e a Xunta de Galicia. Nós, Sr. Presidente, queríamos chamar a atención sobre esta vía que concentra unha densidade de tráfico nos últimos anos moito maior, que necesitaría que, canto antes, se puidese executar un proxecto que, xa digo, por diferentes trabas de tipo administrativo, leva bloqueado nos últimos anos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Rey, alégrome que me faga esta pregunta e que demostre o interese pola estrada, porque así coincidimos todos. Eu quero recordar brevemente a historia desta estrada. O proxecto redactouse con data de decembro do ano 1994, eu era o presidente da Deputación, eu encarguei a redacción dese proxecto, e ata o ano 2004 non se fixo absolutamente nada. No ano 2003 tomou posesión un goberno de coalición do Bloque e do Partido Socialista, que presidía eu tamén, no ano 2003, 26 de novembro de 2003. Pois no ano 2004, con este equipo de goberno, incluimos esta estrada na primeira relación do ano 2004 para a expropiación, para expropialo, empezamos a expropialo para poder executar a obra. E en marzo de 2005 parálizase a expropiación porque o informe da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta é negativo á aprobación deste proxecto por dicir que non se adapta ao Plan de Ordenación Municipal de Narón.

Pomos isto en coñecemento da alcaldía de Narón, en maio de 2005 comunicannolo, en marzo de 2005 e en maio de 2005 comunicamos á alcaldía de Narón e requirímoslle para que modifique o Plan de Ordenación Urbana para adaptalo a esta

estrada. Efectivamente, o Concello de Narón modifica o Plan de Ordenación Urbana e en setembro de 2007 infórmanlle negativamente o Plan de Ordenación Urbana, co cal provocamos unha reunión, Xunta-Municipio-Deputación para tratar conxuntamente e buscar unha solución, esa reunión xa se produciu, pactouse a intersección, o acordo transferíuselle, trasladóuselle á arquitecta que está redactando a modificación do plan puntual, unha vez que o incorpore, que sexa informado favorablemente pola Xunta, continuaremos os trámites administrativos para iniciar as obras desta estrada. Non foi ningún atraso imputable á Deputación, e quero pór de manifesto que comparto o interese que vostede manifesta neste momento por esta estrada, porque foi o interese que tivo persoalmente o presidente que lles fala desde o ano 94, e persoalmente o presidente da Deputación que lles fala desde ao ano 2004 que gobernamos a Deputación nun goberno de coalición e decidimos incluír esta obra e tratar esta obra.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.